

BASES PARA O CONCURSO DE CARTEIS ENTROIDO CONCELLO DE BUEU 2012

1. PRESENTACIÓN.- Con motivo da celebración do Entroido 2012 o Concello de Bueu convoca o Concurso de Carteis de Entroido 2012.
2. PARTICIPANTES.- Persoas maiores de 16 anos.
3. ADMISIÓN.- Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras orixinais e inéditas que non obtiveran ningún tipo de premio en concursos de similares características.
4. TÉCNICAS E DIMENSIÓNS.- Pódese utilizar a técnica que se considere máis adecuada para a súa realización (pintura, ilustración, fotografía, etc.), a única condición e que sexa apta para a reprodución. O tamaño do cartel será DIN A3, debendo presentarse en soporte ríxido para facilitar a súa exposición.
5. LOGOS.- O cartel debe conter o logo do Concello de Bueu (dispoñible en www.concellodebueu.org) e o seguinte texto: **Entroido Bueu 2012**.
6. IDENTIFICACIÓN.- As obras non poden levar nome nin sinatura e deben estar identificadas mediante un lema que figurará detrás do cartel. Con cada obra que se presente axuntárase un sobre pechado no que figurará o mesmo lema identificativo. No interior do sobre consignaranse os seguintes datos: Nome e apelidos, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico, autorización para poder participar en caso de ser menor de idade. Todo isto deberá de ir acompañado dunha fotocopia do D.N.I.
7. ENTREGA.- Os traballos entregaranse ben persoalmente ou por correo postal na seguinte dirección: Servizo de Cultura, Rúa Pazos Fontenla, nº 29 2º. C.P. 36930. Bueu (Pontevedra). No caso de envialos por correo postal o Concello de Bueu non se fai responsable de posibles danos ou extravíos como tampouco da súa devolución.
8. PRAZO DE ENTREGA.- O prazo de entrega remata o día **8 de febreiro do 2012**.
9. PREMIO.- Outorgárase un único premio cun importe metálico de **300 €**, comprometéndose a imputación desta cantidade ao orzamento xeral do Concello de Bueu para o exercicio 2012, con cargo á aplicación orzamentaria 331-48100, e a acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente, e estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión.
10. PROPIEDAD E DESTINO DAS OBRAS.- O cartel gañador pasará a ser propiedade do Concello, que se reserva o dereito de explotación do traballo, produción, distribución, exposición, transformación ou calquera outro tipo de tratamento posterior. Cos carteis presentados organizarase unha exposición no local e nas datas que se determinarán. Os traballos non premiados recolleranse no Servizo de Cultura nun prazo de 30 días dende o remate da exposición. No caso de que a devolución dos traballos teña algún custo correrá a cargo do/a concursante.
11. XURADO E RESOLUCIÓN.- O xurado, que estará composto por un número impar de persoas cualificadas para exercer esta labor, premiara o mellor traballo orixinal e inédito e terá en conta de forma prioritaria os seguintes criterios: calidade técnica, calidade artística, impacto visual, creatividade e orixinalidade. O xurado resérvase o dereito de declarar deserto o concurso como tamén de resolver calquera imprevisto. O fallo do xurado será publicado na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello de Bueu ao día seguinte. A participación no concurso comporta o recoñecemento e aceptación do veredicto do xurado e o seu carácter inapelábel.
12. OBRIGACIÓNS DOS/DAS PARTICIPANTES.- A participación no concurso comporta a aceptación destas bases. O incumprimento por parte do/a gañador/a das obrigas resultantes das mesmas dará lugar á cancelación dos compromisos asumidos polo concello de Bueu, e en especial, ó pago de premio. No obstante, manterase vixente a cesión dos dereitos nos termos que quedan expostos.
13. INFORMACIÓN E CONSULTA DAS BASES.- Concello de Bueu. Servizo de Cultura. Pazos Fontenla nº 29, 2º. 36930. Bueu. Pontevedra. Teléfono. 986324338.

cultura@concellodebueu.org www.concellodebueu.org

